

Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos, xunto coa Fundación Fragas do Mandeo, organiza a *VI Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, na que se desenvolverán conferencias e accións de voluntariado ambiental.

Esta sexta edición ten como eixo a necesidade de conservar o noso litoral mediante a custodia e o apadriñamento. Pero para conservar é preciso coñecer. Expertos procedentes de distintos ámbitos e organismos explicaranos as singularidades da flora que medra nas dunas das nosas praias e a importancia ecolóxica das praderías mariñas da nosa ría. Salientarán o impacto que ten nelas a presión humana directa, para rematar describíndonos o grave problema que causan nos seres mariños os plásticos que traen as correntes oceánicas ou son vertidos irresponsablemente na nosa costa.

Fragas do Mandeo é unha entidade de custodia do territorio non gobernamental e non lucrativa. Ten creado o fondo de conservación da natureza da comarca de As Mariñas, que lle permite adquirir fincas de interese ambiental para a protección a perpetuidade dos hábitats naturais. Deste xeito, coida da paisaxe e dos bosques, asegurando un futuro para as especies de animais e plantas que conforman a biodiversidade destes ecosistemas.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos é unha organización sen ánimo de lucro constituída no ano 2008 coa finalidade de agrupar ás entidades interesadas en promover o desenvolvemento rural no territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Xestiona actualmente o Programa LEADER 2014-2020 e acadou no ano 2013 a declaración de reserva da biosfera para a comarca.

XORNADA DE CHARLAS

SÁBADO 23-9-2017

A necesidade de conservar o litoral mediante custodia do territorio

Centro Multiusos A Senra (Bergondo)

Presentación

9:30

D^a. Alejandra Pérez, alcaldesa de Bergondo

D. José Antonio Santiso, presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos

D. Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

Sete anos custodiando en As Mariñas

10:00

D. Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

A través do balance anual das actuacións de custodia do territorio, podemos valorar os nosos avances e as dificultades na conservación do patrimonio natural da bisbarra. Grazas a voluntarios e doadores adquirimos montes para conservar as fragas, creamos microrreservas de flora e fauna, e apadriñamos tramos de ríos e de litoral nos que eliminamos especies exóticas invasoras e recollemos o lixo.

As praderías mariñas da ría de Betanzos

10:30

D^a. Verónica García, investigadora da Universidade da Coruña

As praderías mariñas son un dos ecosistemas mariños máis complexos e ricos do planeta. Están formadas por plantas con flores, acompañadas de algas. Provéñen múltiples servizos relevantes para o ecosistema mariño e son indicadores biolóxicos do impacto humano no ecosistema, polo que deben ser preservadas. Na ría de Betanzos atopamos tres especies de plantas que crean estas formacións.

Pausa

11:30

A rexeneración da vexetación do noso litoral

12:00

D. Antón Bouzas, paisaxista experto en restauración ambiental

A flora que medra no litoral está especialmente adaptada a un ambiente árido, salino e pobre en nutrientes. Son especialistas que non imos atopar noutros hábitats. As poucas praias da nosa bisbarra que forman dunas sofren unha gran presión humana, polo que debemos prestar especial atención á súa conservación e aplicar técnicas de rexeneración que permitan restaurar a súa vexetación.

A plastificación dos océanos

13:00

Dr. Jesús Gago, investigador do Instituto Español de Oceanografía de Vigo

Os plásticos están presentes en tódolos mares do planeta e en tódalas profundidades. De seguir o ritmo actual, no 2050 os plásticos no mar pesarán tanto coma os peixes que habitan nel. Son causa directa da morte de animais mariños e están introducándose na cadea alimentaria. Namentres non se implantan solucións globais, diversas iniciativas cidadáns tentan atallar este problema localmente.

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 24-9-2017

Limpeza de invasoras e lixo na praia Grande de Miño

Nesta ocasión imos achegarnos á praia Grande de Miño para facer voluntariado ambiental durante toda a mañá. Apadriñámola dende o 2015, tendo eliminado sete especies exóticas invasoras e recollido o lixo nas súas dunas en numerosas ocasións. Aínda que esta praia non forma parte de un espazo natural protexido, contén a formación dunar máis extensa de toda a bisbarra. A súa maior salinidade condiciona a flora que alberga, diferenciándoa das outras praias. Soamente a través de accións de voluntariado continuadas logramos mellorar o seu estado de conservación. No caso de sermos suficientes, tamén erradicaremos invasoras na marisma. Contamos cos permisos necesarios e coa colaboración do Concello de Miño.

Ponte en contacto connosco se queres participar.

XORNADA DE VOLUNTARIADO

SÁBADO 30-9-2017

Limpeza simultánea dos ríos galegos

Celébrase o mesmo día en ríos de toda Galicia coordinada polo Proxecto Ríos, pero nós adiantámola por razóns organizativas. O ano pasado participamos 762 persoas de 59 entidades, retirando preto de 17 toneladas de refugallo en 48 ríos. Invítámosche a participar nesta décima edición para recoller todo o lixo que atopemos e arrincar algunhas invasoras no río Callou (concellos de Bergondo e Betanzos). Será unha ruta matinal de 3 km dende preto da N-VI até a súa desembocadura en Miodelo a través dun bosque diverso que sobrevive nun entorno moi humanizado. Se queremos preservalo, temos que comprometermos na súa conservación. De haber xente dabondo, dividiremonos en grupos para cubrir máis zonas.

Ponte en contacto connosco se queres participar.

ECO-REGATA NA RÍA DE BETANZOS

DOMINGO 1-10-2017

Competición lúdica de embarcacións recollendo lixo na xunqueira

Nesta cuarta edición temos un reto dobre: volver a encher de lixo un par de contedores industriais, como fixemos nos dous anos anteriores, e ademais recoller medio cento de rodas de camiión ilegalmente ciscadas na marisma. Non competiremos por ser o máis veloz: a rivalidade será por coidar a ría. As embarcacións partirán do porto de Betanzos cos equipos participantes para desembarcar nas proximidades do pazo de Mariñán. Un equipo recollerá as rodas; os demais loitarán por ver cal é o que máis lixo recolle e o que atopa o residuo máis singular. Sairemos ás 9:30 da mañá do porto de Betanzos, onde haberá comida, bebida e actividades infantís. Colabora o Concello de Bergondo e as asociacións ARBE, Ría do Pedrido, Lar de Unta, Roxín Roxal e Casa Castillo.

Ponte en contacto connosco se desexas participar, aínda que non teñas lancha.

INDIQUE A ACTIVIDADE NA QUE DESEXA INSCRIBIRSE

- Día 23. Xornada *A necesidade de conservar o litoral*
- Día 24. Voluntariado na praia Grande de Miño
- Día 30. Voluntariado na limpeza simultánea de ríos
- Día 1. Eco-regata na ría de Betanzos

Apelidos e nome:

.....

DNI:

Enderezo:

.....

Código postal:

Localidade:

Teléfono fixo e móbil:

Profesión:

Institución ou entidade:

.....

Correo electrónico:

Prazas limitadas. Reserva praza enviando o boletín de inscrición a:

correo@fragasdomandeo.org

Tel.: 981 105 903

Non esquezas cancelar a túa reserva no caso de non poder participar nas accións de voluntariado: así nos aforras gastos nos seguros.

Conforme á LOPD, a información recollida relacionada cos datos de carácter persoal non será utilizada para fins que non sexan os estritamente vinculados ao seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou exercicio relacionado co seu contido.

A custodia do territorio é unha fórmula de actuación na que os propietarios e mailos usuarios do territorio implícanse na conservación e no uso dos valores e dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

A Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, declarada en maio de 2013, ten como obxectivo compatibilizar a conservación dos espazos naturais máis valiosos do territorio co desenvolvemento sostible.



FRAGAS DO MANDEO
Lg. Vilar de Costoia nº 123; 15380 Oza-Cesuras
Tel.: 981 105 903
correo@fragasdomandeo.org
www.fragasdomandeo.org
www.facebook.com/voluntariadomandeo

**ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS**
San Marcos s/n; 15318 Abegondo
Tel.: 981 669 541
info@marinasbetanzos.org
www.marinasbetanzos.gal

A necesidade de conservar o litoral mediante custodia do territorio

Do 23 de setembro ó 1 de outubro de 2017
VI SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

